

Seguridade na Nube: Implementando AWS Identity and Access Management (IAM)

Descrición

A seguridade na nube é unha das principais preocupacións ao xestionar infraestruturas en AWS. AWS Identity and Access Management (IAM) é unha ferramenta esencial para controlar o acceso aos recursos na nube e garantir que só as persoas adecuadas teñan acceso ao que necesitan. Nesta sesión de 4 horas, aprenderás a configurar usuarios, roles e políticas en AWS IAM para protexer os teus recursos e asegurar un control granular sobre o acceso. Verás como definir políticas de seguridade adecuadas, xestionar a identidade dos usuarios e establecer permisos de maneira efectiva para cumprir cos principios de menor privilexio. Se es un profesional de seguridade ou administrador de sistemas, esta sesión proporcionaráche os coñecementos necesarios para implementar unha xestión de identidade e acceso robusta en AWS.

O relator será Reynaldo Luevano (<https://www.linkedin.com/in/reynaldoluevano/>), profesional con ampla experiencia na arquitectura, implementación e consultoría de solucións na nube, enfocado especialmente en AWS. Posúe numerosas certificacións oficiais de AWS (Solutions Architect, DevOps Engineer etc.)/ etc.) que avalan a súa competencia técnica e capacidade para impartir contido de alto nivel. Ao longo da súa traxectoria, liderou proxectos de migración, automatización, deseño de infraestruturas seguras e optimización de custos para clientes de diversos sectores. Como formador, combina a súa experiencia práctica con métodos pedagóxicos orientados a resultados: os asistentes non só comprenderán teoría, senón que saíran capacitados para aplicar solucións reais nas súas propias contornas.

PROGRAMA	Programación 2025/26
TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRIPCIÓN	29/09/2025 - 13/10/2025
Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Virtual

DURACIÓN	4 horas
DATA INICIO	14/10/2025
DATA FIN	14/10/2025
HORARIO	O 14/10/2025 de 16:30 a 20:30 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	14/10/2025 - 14/10/2025

Temario

- Introducción a AWS Identity and Access Management (IAM)
- Creación e xestión de usuarios e grupos
- Roles e políticas: control granular do acceso
- Aplicación do principio de menor privilexio
- Autenticación e seguridade avanzada
- Xestión de acceso con AWS Organizations
- Vixilancia e auditoría con IAM
- Casos prácticos e mellores prácticas